

Comisión Nacional do Mercado de Valores ou o seu equivalente noutros países.

f) O xustificante de pagamento da taxa conforme o previsto no artigo 23 da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

g) Poder de representación ou fotocopia compulsada deste con tradución xurada se está redactado en lingua non oficial do Estado español.

h) Copias dos informes ou documentos explicativos que con motivo da operación preparasen ou encargasen a terceiros as partes para calquera dos seus órganos de dirección, para os accionistas ou para investidores e analistas.

Indique para cada un destes documentos (se non figura nel) a data de elaboración, o nome e apelidos e a condición das persoas que os elaborasen.

3741 *ORDE EHA/481/2008, do 26 de febreiro, pola que se aproban os modelos de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre o patrimonio, exercicio 2007, se determinan o lugar, a forma e os prazos da súa presentación, se establecen os procedementos de solicitude, remisión, rectificación e confirmación ou subscrición do borrador de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, e se determinan as condicións xerais e o procedemento para a presentación de ambos os dous por medios telemáticos ou telefónicos. («BOE» 51, do 28-2-2008.)*

A regulación do imposto sobre a renda das persoas físicas contense fundamentalmente na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, e no Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo.

Á marxe das modificacións substantivas introducidas na regulación do imposto sobre a renda das persoas físicas polas normas citadas, a novidade máis destacada na xestión deste imposto radica na supresión do modelo de comunicación para a solicitude da devolución rápida destinado aos contribuíntes non obrigados a declarar. Esta novidade fundaméntase, en palabras do preámbulo da propia Lei 35/2006, do 28 de novembro, en que a xeneralización do borrador de declaración fixo practicamente innecesario o mantemento do citado modelo de comunicación. Así mesmo, cabe destacar entre as novidades máis relevantes neste ámbito do imposto a regulación da obriga de declarar, na que se introducen modificacións en determinados límites e condicións desta obriga co obxecto de excluír un maior número de contribuíntes da obriga de presentar a correspondente declaración, ao tempo que se establece a obrigatoriedade de presentala para todos os contribuíntes, incluídos os non obrigados a declarar, que pretendan obter a devolución derivada da normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas que proceda.

A obriga de declarar regúlase nos artigos 96 e 97 da citada Lei 35/2006, do 28 de novembro, reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Conforme o número 1 do artigo 96, os contribuíntes están obrigados a presentar e a subscribir declaración por este imposto, cos límites e condicións que regulamentariamente se establezan. Non obstante, nos números 2 e 3 exclúense da obriga

de declarar, nos termos anteriormente comentados, os contribuíntes cuxas rendas non superen as contías brutas anuais que, en función da súa orixe ou fonte, se sinalan neles. Pola súa parte, o número 4 do precitado artigo dispón que estarán obrigados a declarar en todo caso os contribuíntes que teñan dereito a dedución por investimento en vivenda, por conta aforro-empresa, por dobre imposición internacional ou que realicen achegas a patrimonios protexidos das persoas con discapacidade, plans de pensións, plans de previsión asegurados ou mutualidades de previsión social, plans de previsión social empresarial e seguros de dependencia que reduzan a base imponible, nas condicións que se establezan regulamentariamente. Para estes últimos efectos, o artigo 61 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas establece que a obriga de declarar a cargo destes contribuíntes unicamente xurdirá cando estes exerzan o dereito á práctica das correspondentes reducións ou deducións.

Polo que respecta aos contribuíntes obrigados a declarar, o artigo 97 da citada Lei 35/2006, do 28 de novembro, reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas, dispón no seu número 1 que estes, no momento de presentar a súa declaración, deberán determinar a débeda tributaria correspondente e ingresala no lugar, forma e prazos determinados polo ministro de Economía e Facenda, e establece, ademais, no seu número 2, que o ingreso do importe resultante da autoliquidación se poderá fraccionar na forma que regulamentariamente se determine. Neste sentido, o número 2 do artigo 62 do Regulamento do imposto establece que o ingreso do importe resultante da autoliquidación se poderá fraccionar, sen xuro nin recarga ningunha, en dúas partes: a primeira, do 60 por 100 do seu importe, no momento de presentar a declaración, e a segunda do 40 por 100 restante, no prazo que determine o ministro de Economía e Facenda, e é necesario, para gozar deste beneficio, que a declaración se presente dentro do prazo establecido e que esta non sexa unha autoliquidación complementaria. Completa a regulación desta materia o número 6 do artigo 97 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas, no cal se establece o procedemento de suspensión do ingreso da débeda tributaria entre cónxuxes, sen xuros de demora. A regulación da obriga de declarar péchase, por último, cos números 5 e 6 do artigo 96 da devandita Lei 35/2006, do 28 de novembro, e o número 5 do artigo 61 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, nos cales se dispón que a declaración se efectuará na forma, prazos e impresos que estableza o ministro de Economía e Facenda, quen poderá aprobar a utilización de modalidades simplificadas ou especiais de declaración e determinar os lugares de presentación destas, os documentos e xustificantes que deben acompañalas, ademais dos supostos e condicións para a presentación das declaracións por medios telemáticos.

Polo que atinxe aos contribuíntes non obrigados a declarar, aínda que non lles resulte exixible a presentación dunha declaración con resultado a ingresar, si están obrigados, de acordo co disposto no artigo 65 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, a presentar a declaración correspondente, xa consista esta nunha autoliquidación ou no borrador de declaración suscrito ou confirmado polo contribuínte, cando soliciten a devolución derivada da normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas que, de ser o caso, lles corresponda, e precisase no artigo 66.1 do devandito regulamento que nestes casos a liquidación provisional que poida practicar a Administración tributaria non poderá implicar a cargo do contribuínte non obrigado a presentar declaración ningunha obriga distinta da restitución do previamente devolto máis o xuro de demora a que se refire o artigo 26.6 da Lei 58/2003, do 17 de decembro,

xeral tributaria. Para determinar o importe da devolución que proceda realizar para estes contribuíntes débense ter en conta, ademais dos pagamentos efectuados á conta, as deducións por maternidade e por nacemento ou adopción que, de ser o caso, lle corresponda a cada un deles. Por esta razón non se considera necesario proceder a desenvolver o procedemento de regularización da situación tributaria a que se refire o artigo 60.5.4.º do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, nos supostos en que o importe da dedución por maternidade correspondente aos contribuíntes non obrigados a declarar sexa superior ao percibido de forma anticipada, xa que nestes casos a regularización que proceda debe efectualo o contribuínte na declaración correspondente polo imposto sobre a renda das persoas físicas. En caso contrario, é dicir, cando o importe dos pagamentos anticipados percibidos sexa superior ao da dedución por maternidade, non é preciso que os contribuíntes non obrigados a declarar procedan á subministración de información adicional á realizada na solicitude do aboamento anticipado desta dedución e, de ser o caso, na comunicación de variacións que afecten o devandito aboamento anticipado, posto que a Administración tributaria, ao dispor dos antecedentes precisos e dos datos necesarios, procederá a efectuar de oficio a regularización que, en cada caso, proceda.

Pola súa banda, o artigo 98 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas, dedicado ao borrador da declaración, dispón no seu número 1 que os contribuíntes poden solicitar que a Administración tributaria lles remita un borrador de declaración, sempre que obteñan exclusivamente as rendas sinaladas no devandito punto. A solicitude do borrador de declaración efectuarase no lugar, forma e prazo que determine o ministro de Economía e Facenda, quen poderá establecer os supostos e condicións en que sexa posible presentar a solicitude por medios telemáticos ou telefónicos. A Administración tributaria remitirá o borrador de declaración, de acordo co procedemento establecido polo ministro de Economía e Facenda, quen establecerá, tamén, as condicións para subscribir ou confirmar o borrador, ademais do lugar, forma e prazo da súa presentación e da realización do ingreso que, de ser o caso, resulte del. Cando a Administración tributaria careza da información necesaria para a elaboración do borrador de declaración, porá á disposición do contribuínte os datos que lle poidan facilitar a confección da declaración, sen que a falta da súa recepción poida exonerar o contribuínte do cumprimento, de ser o caso, de presentar a declaración. O desenvolvemento regulamentario deste precepto contense no artigo 64 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, no número 2 do cal se dispón que o contribuínte poderá instar a rectificación do borrador recibido cando considere que se deben engadir datos persoais ou económicos non incluídos nel ou advirta que contén datos erróneos ou inexactos e se habilita o ministro de Economía e Facenda para determinar o lugar, prazo, forma e procedemento para realizar a rectificación.

En relación cos aspectos autonómicos do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente ao exercicio 2007, as comunidades autónomas de réxime común que a seguir se relacionan aprobaron, no exercicio das competencias normativas atribuídas a elas no artigo 38 da Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía, as deducións autonómicas aplicables polos contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas residentes nos seus respectivos territorios no exercicio 2007:

Comunidade Autónoma de Andalucía. Lei 10/2002, do 21 de decembro, pola que se aproban normas en materia

de tributos cedidos e outras medidas tributarias, administrativas e financeiras; Lei 18/2003, do 29 de decembro, pola que se aproban medidas fiscais e administrativas e Lei 12/2006, do 27 de decembro, sobre fiscalidade complementaria do orzamento da Comunidade Autónoma de Andalucía.

Comunidade Autónoma de Aragón. Decreto lexislativo 1/2005, do 26 de setembro, do Goberno de Aragón, polo que se aproba o texto refundido das disposicións ditadas pola Comunidade Autónoma de Aragón en materia de tributos cedidos, actualizado para o exercicio 2007 pola Lei 8/2007, do 29 de decembro, de medidas tributarias da Comunidade Autónoma de Aragón.

Comunidade Autónoma do Principado de Asturias. Lei 7/2005, do 29 de decembro, de medidas orzamentarias, administrativas e tributarias de acompañamento aos orzamentos xerais para 2006, modificada parcialmente pola Lei da citada comunidade autónoma 11/2006, do 27 de decembro, de medidas orzamentarias, administrativas e tributarias de acompañamento aos orzamentos xerais para 2007.

Comunidade Autónoma de Illes Balears. Lei 8/2004, do 23 de decembro, de medidas tributarias, administrativas e de función pública e Lei 25/2006, do 27 de decembro, de medidas tributarias e administrativas.

Comunidade Autónoma de Canarias. Lei 10/2002, do 21 de novembro, pola que se regula o tramo autonómico do imposto sobre a renda das persoas físicas na Comunidade Autónoma de Canarias; Lei 2/2004, do 28 de maio, de medidas fiscais e tributarias e Lei 14/2007, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Canarias para 2008.

Comunidade Autónoma de Cantabria. Lei 11/2002, do 23 de decembro, de medidas fiscais en materia de tributos cedidos polo Estado.

Comunidade Autónoma de Castilla-La Mancha. Lei 17/2005, do 29 de decembro, de medidas en materia de tributos cedidos e Lei 10/2006, do 21 de decembro, pola que se modifica a Lei 17/2005, do 29 de decembro, de medidas en materia de tributos cedidos.

Comunidade Autónoma de Castilla y León. Decreto lexislativo 1/2006, do 25 de maio, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade de Castilla y León en materia de tributos cedidos polo Estado, actualizado para 2007 pola Lei 15/2006, do 28 de decembro, de medidas financeiras.

Comunidade Autónoma de Cataluña. Lei 21/2001, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas; Lei 31/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais e administrativas; Lei 7/2004, do 16 de xullo, de medidas fiscais e administrativas; Lei 21/2005, do 29 de decembro, de medidas financeiras; Lei 5/2007, do 4 de xullo, de medidas fiscais e financeiras e Lei 16/2007, do 21 de decembro, de orzamentos da Generalitat de Cataluña para o ano 2008.

Comunidade Autónoma de Extremadura. Decreto lexislativo 1/2006, do 12 de decembro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Extremadura en materia de tributos cedidos polo Estado, modificado pola Lei 6/2007, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Extremadura para 2008.

Comunidade Autónoma de Galicia. Lei 7/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais e de réxime administrativo; Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo e Lei 14/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007.

Comunidade de Madrid. Lei 4/2006, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia. Lei 15/2002, do 23 de decembro, de medidas tributarias en materia de tributos cedidos e taxas rexionais; Lei 8/2004, do 28 de decembro, de medidas administrativas, tributa-

rias, de taxas e de función pública; Lei 9/2005, do 29 de decembro, de medidas tributarias en materia de tributos cedidos e tributos propios para o ano 2006 e Lei 12/2006, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social para o ano 2007.

Comunidade Autónoma de La Rioja. Lei 11/2006, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas para o ano 2007.

Comunitat Valenciana. Lei 13/1997, do 23 de decembro, pola que se regula o tramo autonómico do imposto sobre a renda das persoas físicas e restantes tributos cedidos, actualizada para 2007 pola Lei 10/2006, do 26 de decembro, de medidas fiscais, de xestión administrativa e financeira, e de organización da Generalitat.

Cómpre indicar, así mesmo, que a Comunidade de Madrid, de conformidade co establecido no artigo 38.1.a) da Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía, aprobou para o exercicio 2007, na Lei 4/2006, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, a correspondente escala autonómica que deberán aplicar os contribuíntes residentes nesta comunidade autónoma no citado exercicio para determinar a súa cota xeral autonómica.

Polo que se refire ás porcentaxes de dedución aplicables no tramo autonómico da dedución por investimento en vivenda habitual a que se refire o artigo 78 da lei 35/2006, do 28 de novembro, reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas, os contribuíntes residentes no territorio da Comunidade Autónoma de Cataluña deberán aplicar os que correspondan dos establecidos na normativa específica da citada comunidade autónoma.

En relación co imposto sobre o patrimonio, a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, especifica no seu artigo 37 as persoas que deben presentar declaración por este imposto tanto no suposto de obriga persoal coma no de obriga real. Así mesmo, o artigo 38 dispón que a declaración se efectuará na forma, prazos e impresos que estableza o ministro de Economía e Facenda, quen poderá, de igual forma, determinar os lugares da súa presentación.

O alcance das competencias normativas das comunidades autónomas de réxime común neste imposto, cuxo rendemento está na súa totalidade cedido a elas, establécese no artigo 39 da citada Lei 21/2001. Conforme o contido deste artigo, as comunidades autónomas de réxime común poden asumir competencias normativas sobre o mínimo exento, sobre o tipo de gravame e sobre deducións e bonificacións sobre a cota, que non poderán supor unha modificación das reguladas na normativa estatal. Pola súa banda, a Lei 41/2003, do 18 de novembro, de protección patrimonial das persoas con discapacidade e de modificación do Código civil, da Lei de axuízamento civil e da normativa tributaria con esta finalidade, establece na súa disposición adicional segunda que as comunidades autónomas poderán declarar a exención do imposto sobre o patrimonio dos bens e dereitos integrantes do patrimonio protexido das persoas con discapacidade.

En exercicio das comentadas competencias normativas, as seguintes comunidades autónomas de réxime común estableceron nas súas correspondentes leis importes específicos do mínimo exento a que se refire o artigo 28.2 da Lei do imposto:

Comunidade Autónoma de Andalucía. Lei 3/2004, do 28 de decembro, de medidas tributarias, administrativas e financeiras.

Comunidade Autónoma de Canarias. Lei 12/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Canarias para 2007.

Comunidade Autónoma de Cantabria. Lei 11/2002, do 23 de decembro, de medidas fiscais en materia de tributos

cedidos polo Estado, modificada pola Lei 6/2005, do 26 de decembro, de medidas administrativas e fiscais para a Comunidade Autónoma de Cantabria para o ano 2006.

Comunidade Autónoma de Cataluña. Lei 31/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Comunidade Autónoma de Extremadura. Decreto legislativo 1/2006, do 12 de decembro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Extremadura en materia de tributos cedidos polo Estado.

Comunidade Autónoma de Galicia. Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.

Comunidade de Madrid. Lei 4/2006, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Comunitat Valenciana. Lei 13/1997, do 23 de decembro, pola que se regula o tramo autonómico do imposto sobre a renda das persoas físicas e restantes tributos cedidos, modificada pola Lei 12/2004, do 27 de decembro, de medidas fiscais, de xestión administrativa e financeira e de organización da Generalitat Valenciana.

Polo que se refire ao tipo de gravame deste imposto, a Comunidade Autónoma de Cantabria aprobou, no artigo 10 da súa citada Lei 11/2002, na redacción dada a este pola Lei 5/2006, do 25 de maio, de medidas urxentes de carácter fiscal, a escala aplicable no exercicio 2007 polos contribuíntes residentes no seu territorio.

En relación con outras cuestións deste imposto, cabe sinalar que a Comunidade Autónoma de Castilla y León estableceu na súa Lei 13/2005, do 27 de decembro, de medidas financeiras, a exención dos bens e dereitos de contido económico que formen parte do patrimonio protexido de contribuíntes con discapacidade. A Comunidade Autónoma de Cataluña, pola súa parte, na súa anteriormente citada Lei 7/2004, incorporou unha bonificación do 99 por 100 da parte da cota que proporcionalmente corresponda aos bens ou dereitos que formen parte do patrimonio especialmente protexido das persoas con discapacidade, constituído ao abeiro da Lei estatal 41/2003. A Comunitat Valenciana, por último, na súa citada Lei 12/2004, estableceu para os suxeitos pasivos deste imposto non residentes en España con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2004 que adquirisen a súa residencia habitual na devandita comunidade con motivo da celebración da XXXII Edición da Copa do América e que teñan a consideración de membros das entidades que teñan os dereitos de explotación, organización e dirección da citada edición da Copa do América ou das entidades que constitúan os equipos participantes, unha bonificación do 99,99 por 100 da cota, excluída a que proporcionalmente corresponda aos bens ou dereitos que estean situados, puidesen exercerse ou debesen cumprirse en territorio español e que formasen parte do patrimonio do suxeito pasivo en 31 de decembro de 2003.

Por todo o anterior, cómpre proceder, en primeiro lugar, á aprobación dos modelos de declaración polos impostos sobre a renda das persoas físicas e sobre o patrimonio, que deben utilizar os contribuíntes obrigados a declarar no exercicio 2007 por ambos os dous impostos, e tamén os contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas non obrigados a declarar que soliciten a devolución derivada da normativa do citado tributo que, de ser o caso, lles corresponda. A este respecto, o artigo 38.5 da Lei 21/2001, do 27 de decembro, dispón que os modelos de declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas serán únicos, aínda que neles deberán figurar debidamente diferenciados os aspectos autonómicos. De acordo co anterior, nesta orde procédese a aprobar modelos de declaración únicos que poderán utilizar todos os contribuíntes, calquera que sexa a comunidade autónoma de réxime común en que teñan a súa residencia no exercicio 2007 e nos cales os aspectos autonómi-

cos figuran debidamente diferenciados. Neste sentido, a experiencia xestora das últimas campañas pon de manifesto que as declaracións presentadas se confeccionan cada ano en maior medida –concretamente, no exercicio 2006 nunha porcentaxe superior ao 96 por 100– coa axuda de programas informáticos, xa sexa o programa de axuda desenvolvido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria ou outros de características semellantes. Nas declaracións así confeccionadas unicamente se reproducen as páxinas en que constan datos declarativos ou liquidativos, e prescínlese daquelas páxinas que non teñen ningún de ambos os contidos. Deste xeito, a tradicional existencia de dous modelos de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, un ordinario e outro simplificado, foi perdendo utilidade ata resultar practicamente inoperante na actualidade. Por estas razóns, considerouse aconsellable no presente exercicio proceder á aprobación dun único modelo para a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas e outro para a declaración do imposto sobre o patrimonio, modelos conforme os cales a Axencia Estatal de Administración Tributaria deberá desenvolver os correspondentes módulos de impresión das devanditas declaracións.

Tamén se debe proceder, en cumprimento das habilitacións normativas a que anteriormente se fixo referencia, a regular os procedementos de solicitude de borrador, a súa remisión pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, ademais do de rectificación do borrador recibido, especificándose, así mesmo, as condicións para a súa confirmación ou subscripción polo contribuínte, e tamén o lugar, forma e prazo de presentación e de realización do ingreso que, de ser o caso, resulte del. A regulación destes aspectos realizase, de acordo coa experiencia xestora das campañas pasadas, potenciando no posible a utilización dos medios telemáticos e telefónicos.

Finalmente, co obxecto de axilizar e de lles facilitar en maior medida aos contribuíntes o cumprimento das súas obrigas tributarias, nesta orde procédese a manter na súa integridade o procedemento de domiciliación bancaria, nas entidades de depósito que actúen como colaboradoras na xestión recadadora, do pagamento das débedas tributarias resultantes das declaracións ou borradores de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas e das declaracións do imposto sobre o patrimonio. Xa que logo, a domiciliación bancaria segue quedando reservada neste exercicio unicamente ás declaracións que se presenten por vía telemática, ás que se efectúen a través dos servizos de axuda prestados nas oficinas da Axencia Estatal de Administración Tributaria ou as habilitadas para tal efecto polas comunidades autónomas e entidades locais e que se presenten telematicamente á Axencia Estatal de Administración Tributaria, así como aos borradores de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas cuxa confirmación ou subscripción se realice por medios telemáticos, telefónicos ou nas oficinas antes citadas. A domiciliación bancaria poderá abarcar a totalidade do ingreso resultante das declaracións mencionadas ou, no suposto de declaracións ou borradores de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, o importe correspondente ao primeiro prazo se se opta por fraccionar o importe resultante en dous pagamentos, sen prexuízo de que, neste último caso, se poida optar, así mesmo, pola domiciliación para o pagamento do segundo prazo.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo 1. *Obriga de declarar polo imposto sobre a renda das persoas físicas.*

1. De acordo co disposto no artigo 96 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e

sobre o patrimonio, e no artigo 61 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, os contribuíntes estarán obrigados a presentar e subscribir declaración por este imposto, cos límites e condicións establecidos nestes artigos.

2. Non obstante, non terán que declarar os contribuíntes que obteñan rendas procedentes exclusivamente das seguintes fontes, en tributación individual ou conxunta:

a) Rendementos íntegros do traballo, co límite xeral de 22.000 euros anuais cando procedan dun só pagador. Este límite tamén se aplicará cando se trate de contribuíntes que perciban rendementos procedentes de máis dun pagador e concorra calquera das dúas situacións seguintes:

1.^a Que a suma das cantidades percibidas do segundo e restantes pagadores, por orde de contía, non supere no seu conxunto a cantidade de 1.500 euros anuais.

2.^a Que os seus únicos rendementos do traballo consistan nas prestacións pasivas a que se refire o artigo 17.2.a) da Lei do imposto e a determinación do tipo de retención aplicable se realizase de acordo co procedemento especial regulado no artigo 89.A) do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas para os perceptores deste tipo de prestacións.

b) Rendementos íntegros do traballo, co límite de 10.000 euros anuais, cando:

1.^o Procedan de máis dun pagador, sempre que a suma das cantidades percibidas do segundo e restantes pagadores, por orde de contía, supere no seu conxunto a cantidade de 1.500 euros anuais.

2.^o Se perciban pensións compensatorias do cónxuxe ou anualidades por alimentos diferentes das percibidas dos pais en virtude de decisión xudicial previstas no artigo 7, alínea k), da Lei do imposto.

3.^o O pagador dos rendementos do traballo non estea obrigado a reter de acordo co previsto no artigo 76 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.

4.^o Cando se perciban rendementos íntegros do traballo suxeitos a tipo fixo de retención.

c) Rendementos íntegros do capital mobiliario e ganancias patrimoniais sometidos a retención ou ingreso á conta, co límite conxunto de 1.600 euros anuais.

d) Rendas inmobiliarias imputadas en virtude do artigo 85 da Lei do imposto, rendementos íntegros do capital mobiliario non suxeitos a retención derivados de letras do Tesouro e subvencións para a adquisición de vivendas de protección oficial ou de prezo taxado, co límite conxunto de 1.000 euros anuais.

Tampouco terán que declarar os contribuíntes que obteñan exclusivamente rendementos íntegros do traballo, de capital ou de actividades económicas, así como ganancias patrimoniais, co límite conxunto de 1.000 euros anuais, e perdas patrimoniais de contía inferior a 500 euros.

Para os efectos da determinación da obriga de declarar nos termos anteriormente relacionados, non se terán en conta as rendas exentas.

3. Estarán obrigados a declarar os contribuíntes que teñan dereito a dedución por investimento en vivenda, por conta aforro-empresa, por dobre imposición internacional ou que realicen achegas a patrimonios protexidos das persoas con discapacidade, plans de pensións, plans de previsión asegurados ou mutualidades de previsión social, plans de previsión social empresarial e seguros de dependencia que reduzan a base imponible, cando exerzan tal dereito.

4. Sen prexuízo do anterior, a presentación da declaración será necesaria, en todo caso, para solicitar e obter devolucións derivadas da normativa do tributo. Teñen esta consideración as que procedan por algunha das seguintes razóns:

a) Por razón dos pagamentos á conta efectuados, incluída para estes efectos a dedución correspondente ao programa PREVER a que se refire a Lei 39/1997, do 8 de outubro, pola que se aproba o programa PREVER para a modernización do parque de vehículos automóbiles, o incremento da seguranza viaria e a defensa e protección do ambiente.

b) Por razón das cotas do imposto sobre a renda de non-residentes a que se refire a alínea d) do artigo 79 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

c) Por razón das deducións por maternidade e por nacemento ou adopción previstas, respectivamente, nos artigos 81 e 81 bis da Lei 35/2006, do 28 de novembro, reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

5. De acordo co disposto no artigo 66 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aos contribuíntes non obrigados a presentar declaración só se lles practica a liquidación provisoria a que se refire o artigo 102 da Lei do imposto cando os datos facilitados polo contribuínte ao pagador de rendementos do traballo sexan falsos, incorrectos ou inexactos, e se practicasen, como consecuencia disto, unhas retencións inferiores ás que terían sido procedentes. Para a práctica desta liquidación provisoria só se computarán as retencións efectivamente practicadas que deriven dos datos facilitados polo contribuínte ao pagador.

Igualmente, cando os contribuíntes non obrigados a presentar declaración soliciten a devolución que corresponda mediante a presentación da oportuna autoliquidación ou do borrador debidamente subscrito ou confirmado, a liquidación provisoria que poida practicar a Administración tributaria non poderá implicar a cargo do contribuínte ningunha obriga distinta da restitución do previamente devolto máis o xuro de demora a que se refire o artigo 26.6 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 2. *Obriga de declarar polo imposto sobre o patrimonio.*

De acordo co disposto no artigo 37 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, estarán obrigados a presentar declaración por este imposto:

a) Os suxeitos pasivos sometidos a este imposto por obriga persoal, cando a súa base imponible, determinada de acordo coas normas reguladoras do imposto, resulte superior ao mínimo exento que proceda, ou cando, non se dando esta circunstancia, o valor dos seus bens ou dereitos, determinado de acordo coas normas reguladoras do imposto, resulte superior a 601.012,10 euros.

Cando un residente en territorio español pase a ter a súa residencia noutro país poderá optar, de acordo co disposto no artigo 5.1.a) da Lei do imposto, por seguir tributando por obriga persoal en España. A opción deberase exercer mediante a presentación da declaración por obriga persoal no primeiro exercicio en que deixase de ser residente no territorio español.

No suposto de obriga persoal, o imposto exixirase pola totalidade do patrimonio neto do suxeito pasivo con independencia do lugar onde se encontren situados os bens ou se poidan exercer os dereitos.

b) Os suxeitos pasivos sometidos ao imposto por obriga real, calquera que sexa o valor do seu patrimonio neto. Neste suposto o imposto exixirase polos bens ou

dereitos de que sexa titular cando estes estean situados, se poidan exercer ou se deban cumprir en territorio español.

A esta mesma obriga real de contribuír quedarán suxeitas as persoas físicas que adquiran a súa residencia fiscal en España como consecuencia do seu desprazamento a territorio español por motivos de traballo e que, ao abeiro do previsto no artigo 93 da Lei 35/2006, reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas, optasen por tributar para efectos deste imposto polo imposto sobre a renda de non-residentes.

Artigo 3. *Aprobación dos modelos de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre o patrimonio.*

1. Apróbanse os modelos de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre o patrimonio e os documentos de ingreso ou devolución, consistentes en:

a) Declaracións dos impostos sobre a renda das persoas físicas e sobre o patrimonio:

1.º Modelo D-100. Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas que se reproduce no anexo I.

2.º Modelo D-714. Declaración do imposto sobre o patrimonio que se reproduce no anexo II. Cada unha das páxinas deste modelo consta de tres exemplares: dous para a Administración e un para o interesado. Non obstante, as declaracións que se xeren exclusivamente mediante a utilización do módulo de impresión desenvolvido para estes efectos pola Axencia Estatal de Administración Tributaria constarán de dous exemplares: un para a Administración e outro para o interesado.

b) Documentos de ingreso ou devolución que se reproducen no anexo III co seguinte detalle:

1.º Modelo 100. Documento de ingreso ou devolución da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas. O número de xustificante que terá que figurar neste documento será un número secuencial cuxos tres primeiros díxitos corresponderán co código 100.

2.º Modelo 102. Documento de ingreso do segundo prazo da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas. O número de xustificante que terá que figurar neste documento será un número secuencial cuxos tres primeiros díxitos corresponderán co código 102.

3.º Modelo 714. Documento de ingreso da declaración do imposto sobre o patrimonio. O número de xustificante que terá que figurar neste documento será un número secuencial cuxos tres primeiros díxitos corresponderán co código 714.

2. Apróbanse os sobres de envío, que figuran no anexo IV e que se relacionan a seguir:

a) Sobre de envío da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas.

b) Sobre de envío da declaración do imposto sobre o patrimonio.

3. Apróbanse os seguintes modelos para a confirmación do borrador de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, exercicio 2007, e para a presentación das declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre o patrimonio que se efectúen a través dos servizos de axuda prestados nas oficinas da Axencia Estatal de Administración Tributaria, nas habilitadas polas comunidades autónomas, cidades con estatuto de autonomía ou entidades locais para a prestación do mencionado servizo de axuda:

a) Modelo 100. Imposto sobre a renda das persoas físicas. Exercicio 2007. Confirmación do borrador da declaración. Documento de ingreso ou devolución. Este modelo, que se reproduce no anexo V, constará de dous

exemplares, un para o contribuínte e outro para a entidade colaboradora-Axencia Estatal de Administración Tributaria. O número de xustificante que debe figurar neste modelo será un número secuencial cuxos tres primeiros díxitos corresponderán co código 101 se o resultado da declaración é a ingresar, e co código 103 se o resultado da declaración é a devolver ou negativo.

b) Modelo 100. Imposto sobre a renda das persoas físicas. Exercicio 2007. Resumo da declaración. Documento de ingreso ou devolución. Este modelo, que se reproduce no anexo VI, constará de dous exemplares, un para a Administración e outro para o contribuínte.

c) Modelo 714. Imposto sobre o patrimonio. Exercicio 2007. Resumo da declaración. Documento de ingreso con domiciliación bancaria. Este modelo, que se reproduce no anexo VII, constará de dous exemplares, un para a Administración e outro para o contribuínte.

4. Serán válidas as declaracións e os seus correspondentes documentos de ingreso ou devolución subscritos polo declarante que se presenten nos modelos que, axustados aos contidos dos modelos aprobados neste artigo, se xeren exclusivamente mediante a utilización do módulo de impresión desenvolvido para estes efectos pola Axencia Estatal de Administración Tributaria. Os datos impresos nestas declaracións e nos seus correspondentes documentos de ingreso ou devolución prevalecerán sobre as alteracións ou correccións manuais que se puideren producir sobre eles, polo que estas non producirán efectos ante a Administración tributaria.

As devanditas declaracións deberanse presentar no sobre de retorno «Programa de axuda», aprobado na Orde EHA/702/2006, do 9 de marzo, pola que se aproban os modelos de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre o patrimonio, exercicio 2005, se establecen o procedemento de remisión do borrador de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas e as condicións para a súa confirmación ou subscrición, se determinan o lugar, forma e prazos da súa presentación, así como as condicións xerais e o procedemento para a súa presentación por medios telemáticos ou telefónicos.

Artigo 4. *Solicitud de borrador de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

1. De acordo co establecido no artigo 98 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas, os contribuíntes poderán solicitar que a Administración tributaria lles remita un borrador de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, sempre que obteñan rendas procedentes exclusivamente das seguintes fontes:

- a) Rendementos do traballo.
- b) Rendementos do capital mobiliario suxeitos a retención ou a ingreso á conta, así como os derivados de letras do Tesouro.
- c) Imputación de rendas inmobiliarias sempre que procedan, como máximo, de dous inmobles.
- d) Ganancias patrimoniais sometidas a retención ou ingreso á conta, ademais das subvencións para a adquisición de vivenda habitual.

2. A solicitude do borrador de declaración debe realizarse no prazo comprendido entre os días 3 de marzo e 23 de xuño de 2008 a través de calquera das seguintes vías:

a) Mediante presentación do contribuínte en calquera delegación ou administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria, onde comunicará, para estes efectos, os seus datos identificadores e achegará o seu documento nacional de identidade (DNI) ou o número de identificación de estranxeiros (NIE).

b) Por medios telefónicos, mediante chamada ao centro de atención telefónica, número 901 200 345, para comunicar, entre outros datos, o seu número de identificación fiscal (NIF) e o importe do recadro 681 da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente ao exercicio 2006. Para tal fin, a Axencia Estatal de Administración Tributaria adoptará as medidas de control precisas que permitan garantir a identidade da persoa ou persoas que solicitan o borrador de declaración, así como, de ser o caso, a conservación dos datos comunicados.

c) Por medios telemáticos, a través da oficina virtual da Axencia Estatal de Administración Tributaria na internet, no enderezo «<http://www.agenciatributaria.es>», para facer constar o contribuínte, entre outros datos, o seu número de identificación fiscal (NIF) e o importe do recadro 681 da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente ao exercicio 2006. No suposto de solicitude dunha unidade familiar composta por ambos os dous cónxuxes, deberase facer constar tamén o número de identificación fiscal (NIF) do cónxuxe.

3. Non precisarán efectuar a solicitude de borrador de declaración, nos termos sinalados no número anterior, os contribuíntes que xa efectuasen a correspondente solicitude de borrador na declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente ao exercicio 2006, nin os contribuíntes que confirmaron o borrador de declaración polo citado imposto correspondente ao exercicio 2006.

Artigo 5. *Solicitudes de borrador do imposto sobre a renda das persoas físicas improcedentes.*

1. No suposto de que, dos datos e antecedentes que consten en poder da Administración tributaria, se poña de manifesto o incumprimento dos requisitos e condicións establecidos para a solicitude do borrador de declaración no artigo 98.1 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas, e tamén cando a Administración tributaria careza da información necesaria para a elaboración do borrador de declaración, nos termos establecidos no número 2 do citado artigo, a Administración tributaria porá á disposición do contribuínte os datos que poidan facilitar a confección da declaración polo citado imposto.

2. En calquera caso, a falta de recepción do borrador de declaración non exonerará o contribuínte da súa obriga de declarar. Nestes supostos, a declaración debe presentarse no prazo, lugar e forma establecidos polo ministro de Economía e Facenda con carácter xeral.

Artigo 6. *Procedemento de remisión do borrador de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

1. A Axencia Estatal de Administración Tributaria remitiralle o borrador da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas aos contribuíntes que o soliciten de acordo co disposto no artigo 4 anterior e cuxas rendas sexan exclusivamente as sinaladas no número 1 do citado artigo.

Tratándose de contribuíntes que se subscriben ao servizo de alertas a móbiles da Axencia Estatal de Administración Tributaria ao solicitaren o borrador da súa declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, a posta á disposición do borrador solicitado efectuarase comunicándolle ao contribuínte a súa emisión mediante mensaxe SMS, coa referencia que lle permita acceder a ela por internet.

2. O borrador de declaración conterà, polo menos, os documentos seguintes:

a) O borrador da declaración propiamente dito e a relación dos datos fiscais que serviron de base para o seu cálculo.

b) O modelo 100 de confirmación do borrador da declaración, o documento de ingreso ou devolución, a que se refire a alínea a) do número 3 do artigo 3 anterior.

A falta de recepción do borrador de declaración non exonerará o contribuínte da súa obriga de presentar declaración.

3. De acordo co disposto no artigo 98.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas, cando a Administración tributaria careza da información necesaria para a elaboración do borrador de declaración, porá á disposición do contribuínte os datos fiscais que poidan facilitarlle a confección da declaración por este imposto.

Artigo 7. Procedemento de rectificación do borrador de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas.

1. De acordo co disposto no artigo 64.2 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, o contribuínte poderá instar a rectificación do borrador de declaración por este imposto recibido cando considere que deben engadirse datos persoais ou económicos non incluídos nel ou advirta que contén datos erróneos ou inexactos. En ningún caso a rectificación do borrador de declaración poderá supor a inclusión de rendas distintas das enumeradas no número 1 do artigo 4 anterior.

A solicitude de rectificación do borrador de declaración, que determinará a elaboración pola Administración tributaria dun novo borrador de declaración co seu correspondente modelo de confirmación, documento de ingreso ou devolución, poderase realizar a través dalgunha das seguintes vías:

a) Mediante comparecencia do contribuínte para acreditar a súa identidade en calquera delegación ou administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria, achegando, entre outros datos, o seu número de identificación fiscal (NIF), o NIF do cónxuxe nos supostos de declaración conxunta formulada por ambos os dous cónxuxes, ademais do número de referencia do borrador de declaración recibido.

b) Por medios telefónicos, mediante chamada ao número 901 200 345, para comunicar o contribuínte o seu número de identificación fiscal (NIF), o NIF do cónxuxe nos supostos de declaración conxunta formulada por ambos os dous cónxuxes, ademais do número de referencia do borrador de declaración recibido. Para estes efectos, a Axencia Estatal de Administración Tributaria adoptará as medidas de control precisas que permitan garantir a identidade dos contribuíntes que efectúan a solicitude de rectificación do borrador de declaración.

c) Por medios telemáticos a través da internet, no enderezo <http://www.agenciatributaria.es>, mediante a utilización do correspondente certificado de usuario, ou ben facendo o contribuínte constar o seu número de identificación fiscal (NIF), o NIF do cónxuxe nos supostos de declaración conxunta formulada por ambos os dous cónxuxes, e tamén o número de referencia do borrador de declaración. Neste último caso, a Axencia Estatal de Administración Tributaria adoptará o correspondente protocolo de seguraza que permita garantir a identidade dos contribuíntes que efectúan a solicitude de rectificación do borrador de declaración.

2. O contribuínte poderá modificar directamente os datos identificadores da conta en que deba realizarse, de ser o caso, a devolución, código conta cliente (CCC), que

para tal efecto figuren no modelo de confirmación do borrador da declaración, documento de ingreso ou devolución, sen necesidade de instar a rectificación do borrador recibido nos termos comentados no número 1 anterior deste mesmo artigo.

3. Cando o contribuínte considere que o borrador de declaración recibido non reflicte a súa situación tributaria para efectos do imposto sobre a renda das persoas físicas e non opte por instar a rectificación daquel nos termos establecidos neste artigo, deberá presentar a correspondente declaración no prazo, forma e lugar establecidos nesta orde.

Artigo 8. Procedemento de subscrición ou confirmación do borrador da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas.

1. De acordo co disposto no artigo 98 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas, cando o contribuínte considere que o borrador da declaración reflicte a súa situación tributaria para efectos deste imposto, poderao subscribir ou confirmar, sen necesidade de adherir as etiquetas identificadoras que subministra a Axencia Estatal de Administración Tributaria, tendo aquel, neste caso, a consideración de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas para todos os efectos.

A confirmación ou subscrición do borrador de declaración remitido pola Administración tributaria poderase efectuar, calquera que sexa o seu resultado, a ingresar, a devolver ou negativo, ou a vía utilizada para a súa confirmación ou subscrición, a partir do día 1 de abril e ata o día 30 de xuño de 2008, ambos os dous inclusive. Emporiso, no suposto de que o resultado do borrador de declaración mostre unha cantidade para ingresar e o seu pagamento se domicilie en conta nos termos establecidos no artigo 14 seguinte, a confirmación ou subscrición do borrador non se poderá realizar con posterioridade ao día 23 de xuño de 2008.

2. Non poderán subscribir nin confirmar o borrador de declaración nos termos anteriormente comentados os contribuíntes que se encontren nalgunha das situacións seguintes:

a) Os contribuíntes que obtivesen rendas exentas con progresividade en virtude de convenios para evitar a dobre imposición subscritos por España.

b) Os contribuíntes que compensen partidas negativas de exercicios anteriores.

c) Os contribuíntes que pretendan regularizar situacións tributarias procedentes de declaracións anteriormente presentadas.

d) Os contribuíntes que teñan dereito á dedución por dobre imposición internacional e exerzan tal dereito.

3. Confirmación ou subscrición do borrador de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas con resultado a ingresar, cando o contribuínte non opte pola domiciliación bancaria nunha entidade colaboradora como medio de pagamento da totalidade do importe resultante ou, de ser o caso, do correspondente ao primeiro prazo. Nestes casos, a confirmación ou subscrición do borrador de declaración, a súa presentación e a realización do ingreso efectuaranse por algún dos medios seguintes:

a) Nas oficinas das entidades de depósito que actúen como colaboradoras na xestión recadadora (bancos, caixas de aforro ou cooperativas de crédito) situadas en territorio español, mesmo cando o ingreso se efectúe fóra do prazo establecido no número 1 anterior deste mesmo artigo, mediante o modelo de confirmación do borrador da declaración, documento de ingreso ou devolución, debidamente subscrito polo contribuínte, ou polos contri-

buíntes no suposto de declaración conxunta formulada por ambos os cónxuxes, no cal se deberá facer constar, de ser o caso, o código conta cliente (CCC) e mais as opcións de fraccionamento do pagamento e domiciliación do segundo prazo.

b) Nos caixeiros automáticos, banca electrónica, banca telefónica ou a través de calquera outro sistema de banca non presencial, daquelas entidades de depósito colaboradoras na xestión recadadora que así o establecesen, ao abeiro do correspondente protocolo de seguranza. Para estes efectos, o contribuínte deberá facilitar, entre outros datos, o seu número de identificación fiscal (NIF), ademais do número de xustificante do modelo de confirmación do borrador da declaración, documento de ingreso ou devolución. No suposto de declaración conxunta formulada por ambos os cónxuxes, deberase comunicar tamén o NIF do cónxuxe.

A entidade colaboradora entregaralle posteriormente ao contribuínte o xustificante da presentación e ingreso realizados, de acordo coas especificacións recollidas no anexo VIII, que servirá como documento acreditativo tanto da presentación e ingreso realizados coma das opcións de fraccionamento do pagamento e domiciliación do segundo prazo, de ser o caso, realizadas polo contribuínte.

c) Por medios telemáticos a través da internet. Neste caso, o contribuínte deberá ter instalado no navegador o certificado de usuario a que se refire a alínea b) do número 1 do artigo 17 seguinte. Tratándose de declaracións conxuntas formuladas por ambos os cónxuxes, os dous deberán obter o correspondente certificado de usuario. O procedemento que se seguirá será o seguinte:

1.º O declarante deberase conectar coa oficina virtual da Axencia Estatal de Administración Tributaria a través da internet ou de calquera outra vía equivalente que permita a conexión, no enderezo <http://www.agenciatributaria.es>. A seguir, cubrirá no formulario correspondente o código conta cliente (CCC) e, de ser o caso, as opcións de fraccionamento do pagamento e domiciliación do segundo prazo.

2.º Unha vez efectuado o ingreso na entidade colaboradora, a Axencia Estatal de Administración Tributaria devolverá en pantalla os datos do modelo de confirmación do borrador da declaración, documento de ingreso ou devolución, validado cun código electrónico de 16 caracteres en que constará, ademais da data e hora da presentación, o fraccionamento do pagamento e, de ser o caso, a domiciliación do segundo prazo.

4. Confirmación ou subscrición do borrador de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas con resultado a ingresar, cando o contribuínte opte pola domiciliación bancaria nunha entidade colaboradora como medio de pagamento do importe resultante ou, de ser o caso, do correspondente ao primeiro prazo a que se refire o artigo 14 seguinte. Nestes casos, a confirmación ou subscrición do borrador de declaración, a súa presentación e a realización do ingreso efectuaranse por algún dos medios seguintes:

a) Por medios telemáticos a través da internet. Neste caso, o declarante deberá facer constar, entre outros datos, o seu número de identificación fiscal (NIF) e o número de referencia do seu borrador. No suposto de declaración conxunta formulada por ambos os cónxuxes, deberase facer constar tamén o número de identificación fiscal (NIF) do cónxuxe. Alternativamente, poderase utilizar esta vía mediante o certificado correspondente ou certificados de usuario. O procedemento que se seguirá é o seguinte:

1.º O declarante deberase conectar coa oficina virtual da Axencia Estatal de Administración Tributaria a través da internet ou de calquera outra vía equivalente que permita a

conexión, no enderezo: <http://www.agenciatributaria.es>. A seguir, cubrirá no formulario correspondente o código conta cliente (CCC) e, de ser o caso, as opcións de fraccionamento do pagamento e a domiciliación bancaria.

2.º Se a declaración é aceptada, a Axencia Estatal de Administración Tributaria devolverá en pantalla o modelo de confirmación do borrador da declaración, documento de ingreso ou devolución, validado cun código electrónico de 16 caracteres en que constará, ademais da data e hora da presentación da declaración, a orde de domiciliación efectuada e, de ser o caso, a opción de fraccionamento de pagamento elixida polo contribuínte.

b) Por medios telefónicos, mediante unha chamada ao número 901 200 345. Para tal efecto, o contribuínte deberá comunicar, entre outros datos, o seu número de identificación fiscal (NIF), o número de referencia do borrador da declaración e mais o código conta cliente (CCC) en que desexe efectuar a citada domiciliación. No suposto de declaración conxunta formulada por ambos os cónxuxes, deberase comunicar tamén o NIF do cónxuxe. Para estes efectos, a Axencia Estatal de Administración Tributaria adoptará as medidas de control precisas que permitan garantir a identidade dos contribuíntes que efectúan a comunicación e a subscrición ou confirmación do borrador de declaración.

A Administración tributaria remitiralle posteriormente ao contribuínte o documento acreditativo correspondente á declaración presentada en que constará a orde de domiciliación efectuada e, de ser o caso, a opción de fraccionamento de pagamento elixida polo contribuínte.

c) Nas oficinas da Axencia Estatal de Administración Tributaria, nas habilitadas polas comunidades autónomas, cidades con estatuto de autonomía e entidades locais para a confirmación do borrador de declaración e a súa inmediata transmisión telemática. Para tal efecto, o contribuínte deberá presentar debidamente suscrito o modelo de confirmación do borrador da declaración, documento de ingreso ou devolución, en que constarán os datos relativos á orde de domiciliación bancaria nunha entidade colaboradora do importe resultante ou, de ser o caso, do correspondente ao primeiro prazo.

5. Confirmación ou subscrición do borrador de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas con resultado a devolver ou negativo. Nestes casos, a confirmación ou subscrición do borrador de declaración, a súa presentación, e tamén a solicitude da devolución ou, de ser o caso, a renuncia a esta, efectuarase por algún dos seguintes medios:

a) En calquera oficina situada en territorio español da entidade de depósito que actúe como colaboradora na xestión recadadora en que se desexe recibir o importe da devolución. Nestes supostos, deberase presentar o modelo de confirmación do borrador da declaración, documento de ingreso ou devolución, debidamente suscrito polo contribuínte ou contribuíntes no suposto de declaración conxunta formulada por ambos os cónxuxes.

Non obstante o anterior, non se poderá efectuar nas oficinas das entidades de depósito que actúen como colaboradoras na xestión recadadora a confirmación ou subscrición do borrador das declaracións cuxo resultado sexa negativo ou aquelas en que, sendo o seu resultado a devolver, o contribuínte renuncie á devolución.

b) Nos caixeiros automáticos, banca electrónica, banca telefónica ou a través de calquera outro sistema de banca non presencial, daquelas entidades de depósito colaboradoras na xestión recadadora que así o establecesen, onde se desexe recibir o importe da devolución, ao abeiro do correspondente protocolo de seguranza. Para tal efecto, o contribuínte deberá facer constar, entre outros datos, o seu número de identificación fiscal (NIF) e mais o número de xustificante do modelo de confirma-

ción do borrador da declaración, documento de ingreso ou devolución. No suposto de declaración conxunta formulada por ambos os cónxuxes, deberase facer constar tamén o NIF do cónxuxe.

Nos casos sinalados nas alíneas a) e b) anteriores, a entidade colaboradora entregaralle ao contribuínte o xustificante da presentación da declaración, de acordo coas especificacións que correspondan das recollidas no anexo VIII desta orde, que servirá como documento acreditativo desta operación.

Non obstante o anterior, non se poderá utilizar esta vía para a confirmación do borrador da declaración naqueles supostos en que o resultado da declaración sexa negativo ou cando o contribuínte renuncie á devolución.

c) Por medios telefónicos, mediante chamada ao número 901 200 345, para comunicar o contribuínte, entre outros datos, o seu número de identificación fiscal (NIF) e o número de referencia do borrador da declaración ou, de ser o caso, o número de xustificante deste. No suposto de declaración conxunta formulada por ambos os cónxuxes, deberase comunicar tamén o NIF do cónxuxe. Para estes efectos, a Axencia Estatal de Administración Tributaria adoptará as medidas de control precisas que permitan garantir a identidade dos contribuíntes que efectúan a comunicación e a confirmación do borrador de declaración.

A Administración tributaria remitiralle posteriormente ao contribuínte o documento acreditativo da declaración presentada.

d) Por vía telemática a través dos medios seguintes:

1.º Pola internet, en: <http://www.agenciatributaria.es>, para facer constar o contribuínte, entre outros datos, o seu número de identificación fiscal (NIF) e o número de referencia do seu borrador. No suposto de declaración conxunta formulada por ambos os cónxuxes, deberase facer constar tamén o número de identificación fiscal (NIF) do cónxuxe. Alternativamente, poderase utilizar esta vía mediante o correspondente certificado ou certificados de usuario.

Se a presentación é aceptada, a Axencia Estatal de Administración Tributaria devolverá en pantalla os datos do modelo de confirmación do borrador da declaración, documento de ingreso ou devolución, validado cun código electrónico de 16 caracteres, ademais da data e hora de presentación, que o contribuínte deberá imprimir e conservar.

2.º Mediante mensaxe SMS dirixida para tal efecto á Axencia Estatal de Administración Tributaria. O contribuínte fará constar, entre outros datos, o seu número de identificación fiscal (NIF) e o número de xustificante do modelo de confirmación do borrador da declaración, documento de ingreso ou devolución. No suposto de declaración conxunta formulada por ambos os cónxuxes, deberase comunicar tamén o NIF do cónxuxe.

A Axencia Estatal de Administración Tributaria devolveralle unha mensaxe SMS ao contribuínte, aceptando a confirmación do borrador da declaración efectuada, xunto cun código de 16 caracteres que deberá conservar. A Administración tributaria remitiralle posteriormente ao contribuínte o documento acreditativo da declaración presentada.

No caso de non se aceptar a confirmación, a Axencia Estatal de Administración Tributaria enviaralle unha mensaxe SMS ao contribuínte en que lle comunique esta circunstancia e lle indique o erro que exista.

Non se poderá utilizar esta vía para confirmar aqueles borradores de declaración cuxo resultado sexa a devolver e o contribuínte renuncie á devolución a favor do Tesouro público.

e) En calquera oficina da Axencia Estatal de Administración Tributaria, nas habilitadas polas comunidades autónomas, cidades con estatuto de autonomía e entida-

des locais, para a confirmación do borrador da declaración e a súa inmediata transmisión telemática. Nestes supostos, o contribuínte deberá presentar debidamente suscrito o modelo de confirmación do borrador de declaración, documento de ingreso ou devolución.

6. A partir do día 1 de xullo de 2008, non se poderán confirmar nin subscribir borradores de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas polos medios telefónicos nin pola vía telemática a que se refiren, respectivamente, as alíneas c) e d) do número 5 anterior.

7. Nos supostos previstos nas alíneas a), b), c), d.1.º e e) do número 5 deste artigo, os contribuíntes, ao subscribiren ou confirmaren o borrador de declaración, poderán achegar os datos identificadores da conta en que debe realizarse a devolución, código conta cliente (CCC), ou modificar os que para tal efecto figuren no modelo de confirmación do borrador da declaración, documento de ingreso ou devolución, sen instar o procedemento de recificación do borrador de declaración regulado no artigo 7 anterior.

Artigo 9. Prazo de presentación das declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre o patrimonio.

O prazo de presentación das declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre o patrimonio, calquera que sexa o resultado destas, será o comprendido entre os días 2 de maio e 30 de xuño de 2008, ambos os dous inclusive, sen prexuízo do prazo de confirmación do borrador establecido no artigo 8 anterior.

Artigo 10. Forma de presentación das declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre o patrimonio.

1. As declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre o patrimonio, ademais do correspondente documento de ingreso ou devolución, presentaranse de acordo cos modelos que correspondan dos aprobados no artigo 3 desta orde, incluídos os xerados informaticamente mediante a utilización do módulo de impresión desenvolvido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, asinados polo declarante e debidamente cubertos todos os datos que o afecten dos recollidos nel.

No caso de declaración conxunta polo imposto sobre a renda das persoas físicas, a declaración será suscrita e presentada polos membros da unidade familiar maiores de idade que actuarán en representación dos menores e dos maiores incapacitados xudicialmente integrados nela, nos termos do artigo 45 da Lei xeral tributaria.

2. As declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre o patrimonio que, de ser o caso, se efectúen a través dos servizos de axuda prestados nas oficinas da Axencia Estatal de Administración Tributaria, sexa cal for o seu resultado, poderanse presentar, á opción do contribuínte, no acto nas citadas oficinas para a súa inmediata transmisión a través da intranet da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Non obstante o anterior, tratándose de declaracións cuxo resultado sexa unha cantidade a ingresar, a súa presentación estará condicionada a que o contribuínte proceda no acto á domiciliación bancaria da totalidade do ingreso resultante ou do primeiro prazo, se se trata de declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas en que o contribuínte optou polo fraccionamento do pagamento, nos termos establecidos no artigo 14 seguinte.

Tamén se poderán presentar deste xeito e de acordo co disposto no parágrafo anterior as declaracións do

impuesto sobre a renda das persoas físicas de cónxuxes non separados legalmente en que un deles solicite a suspensión do ingreso e o outro manifeste a renuncia ao cobramento da devolución, calquera que sexa o resultado final das súas declaracións, a ingresar, a devolver ou negativo.

Para tal efecto, unha vez confeccionada a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, entregaráselle ao contribuínte o exemplar impreso para o interesado da súa declaración, ademais de dous exemplares, para a Administración e para o interesado, do resumo da declaración-documento de ingreso ou devolución, axustado ao modelo 100 aprobado na letra b) do número 3 do artigo 3 anterior. Tratándose de declaracións do imposto sobre o patrimonio, entregaráselle ao contribuínte os exemplares impresos para o interesado da súa declaración, ademais de dous exemplares, para a Administración e para o interesado, do resumo da declaración-documento de ingreso con domiciliación bancaria, axustado ao modelo 714 aprobado na alínea c) do número 3 do artigo 3 anterior.

A entrega nas oficinas citadas do exemplar para a Administración do modelo 100, resumo da declaración-documento de ingreso ou devolución, debidamente asinado polo contribuínte e no que constarán os datos relativos á domiciliación do ingreso e, no caso de fraccionamento, as opcións de pagamento do segundo prazo ou, de ser o caso, os correspondentes á solicitude da devolución por transferencia ou renuncia a esta, terá a consideración de presentación da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas para todos os efectos.

De forma análoga, a entrega nas oficinas do exemplar para a Administración do modelo 714, resumo da declaración-documento de ingreso con domiciliación bancaria, debidamente asinado polo contribuínte no que constarán os datos relativos á domiciliación do ingreso, terá a consideración de presentación da declaración polo imposto sobre o patrimonio para todos os efectos.

A continuación, entregaráselle ao contribuínte outra folia en que, ademais dos devanditos datos, se deixará constancia da transmisión da declaración a través da intranet da Axencia Estatal de Administración Tributaria mediante un código electrónico de 16 caracteres.

Este procedemento poderá ser igualmente aplicable ás declaracións efectuadas nas oficinas habilitadas polas comunidades autónomas, cidades con estatuto de autonomía e entidades locais, para a prestación do mencionado servizo de axuda e que se presenten nelas para a súa transmisión a través da intranet da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Artigo 11. *Utilización das etiquetas identificadoras nas declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre o patrimonio.*

1. O contribuínte polo imposto sobre a renda das persoas físicas e polo imposto sobre o patrimonio que deba subscribir a respectiva declaración, deberá adherir as etiquetas identificadoras nos espazos reservados para o efecto.

Cando non se dispoña de etiquetas identificadoras, deberase consignar o número de identificación fiscal (NIF) no espazo reservado para o efecto, acompañando os exemplares para a Administración dunha fotocopia do documento acreditativo do número. No caso de declaración conxunta polo imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente a unha unidade familiar integrada por ambos os cónxuxes, cada un deles deberá adherir as súas correspondentes etiquetas identificadoras nos espazos reservados para o efecto. Se algún dos cónxuxes ou os dous carecen de etiquetas identificadoras, deberán consignar o respectivo número de identificación fiscal (NIF), nos espazos reservados para o efecto, acompa-

ñando os exemplares para a Administración dunha fotocopia ou fotocopias do respectivo documento acreditativo do número.

Non obstante o anterior, non será preciso anexar a fotocopia do documento acreditativo do número de identificación fiscal (NIF) cando se trate de declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas negativas ou a devolver, con solicitude de devolución ou con renuncia a ela, ou declaracións negativas do imposto sobre o patrimonio, que se presenten persoalmente nas oficinas da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

2. Non será preciso adherir as etiquetas identificadoras nas declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas e sobre o patrimonio que se xeren informativamente mediante a utilización do módulo de impresión desenvolvido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria. Tampouco será preciso adherir as citadas etiquetas aos borradores da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, incluído o modelo de confirmación do borrador de declaración, documento de ingreso ou devolución, remitidos pola Administración tributaria.

Artigo 12. *Documentación adicional que debe acompañar a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

1. Os contribuíntes a que sexa de aplicación a imputación de rendas no réxime de transparencia fiscal internacional a que se refire o artigo 91 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas, deberán presentar conxuntamente coa declaración do devandito imposto os seguintes datos relativos á entidade non residente en territorio español:

- a) Nome ou razón social e lugar do domicilio social.
- b) Relación de administradores.
- c) Balance e conta de perdas e ganancias.
- d) Importe das rendas positivas que deban ser imputadas.
- e) Xustificación dos impostos satisfeitos respecto da renda positiva que deba ser imputada.

2. Os contribuíntes que, ao abeiro do establecido no número 10 do artigo 27 da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, efectúen no período impositivo investimentos anticipados de futuras dotacións á reserva para investimentos en Canarias, deberán presentar conxuntamente coa declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas a comunicación da citada materialización e o seu sistema de financiamento.

3. Os contribuíntes que, ao abeiro do disposto no terceiro parágrafo do artigo 15.2.b) desta orde, soliciten a devolución mediante cheque nominativo do Banco de España, deberán presentar conxuntamente coa declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas un escrito que conteña a devandita solicitude.

4. Os citados documentos ou escritos e, en xeral, outros non previstos expresamente nos propios modelos de declaración que deban achegarse, poderanse presentar xunto con ela no seu correspondente sobre de envío. Tamén se poderán presentar en forma de documentos electrónicos a través do rexistro telemático xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria, de acordo co procedemento previsto na Resolución do 23 de agosto de 2005, da Dirección Xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria, pola que se regula a presentación de determinados documentos electrónicos no rexistro telemático xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

A utilización do rexistro telemático xeral mencionado terá carácter obrigatorio naqueles supostos en que o contribuínte desexe efectuar a presentación da súa declaración por vía telemática.

Artigo 13. *Fraccionamento do pagamento resultante da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

De acordo co disposto no artigo 62.2 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, os contribuíntes poderán fraccionar, sen ningún xuro nin recarga, o importe do ingreso da cota diferencial resultante da súa declaración, xa consista esta nunha autoliquidación ou no borrador de declaración debidamente suscrito ou confirmado, en dúas partes: a primeira, do 60 por 100 do seu importe, no momento de presentar a declaración, e a segunda, do 40 por 100 restante, ata o día 5 de novembro de 2008, inclusive.

Nos supostos en que, ao abeiro do establecido no artigo 97.6 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas, a solicitude de suspensión do ingreso da débeda tributaria resultante da declaración realizada por un cónxuxe non alcance a totalidade do devandito importe, o resto da débeda tributaria poderase fraccionar nos termos establecidos no parágrafo anterior.

En todo caso, para optar a este beneficio será necesario que o borrador da declaración debidamente suscrito ou confirmado ou a autoliquidación se presenten dentro dos prazos establecidos, respectivamente, nos artigos 8 e 9 desta orde. Non se poderá fraccionar, segundo o procedemento establecido neste artigo, o ingreso das autoliquidacións complementarias.

Artigo 14. *Pagamento das débedas tributarias resultantes das declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre o patrimonio mediante domiciliación bancaria.*

1. Os contribuíntes que opten por fraccionar o pagamento da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas poderán utilizar como medio de pagamento do 40 por 100 correspondente ao segundo prazo a domiciliación bancaria na entidade de depósito que actúe como colaboradora na xestión recadadora en que efectúen o ingreso do primeiro prazo.

En virtude da orde de cargo en conta efectuada polo contribuínte, a entidade colaboradora procederá, de ser o caso, o 5 de novembro de 2008, a cargar na conta o importe do segundo prazo, ingresándoo nos prazos establecidos na conta restrinxida de colaboración na recadación dos tributos. Posteriormente, a entidade colaboradora remitiralle ao contribuínte o xustificante do ingreso realizado, de acordo coas especificacións recollidas no número 2 do artigo 3 da Orde EHA/2027/2007, do 28 de xuño, pola que se desenvolve parcialmente o Real decreto 939/2005, do 29 de xuño, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación en relación coas entidades de crédito que prestan o servizo de colaboración na xestión recadadora da Axencia Estatal de Administración Tributaria, que servirá como documento acreditativo do ingreso efectuado no Tesouro público.

Os contribuíntes que, ao fraccionaren o pagamento, non desexen domiciliar o segundo prazo nunha entidade colaboradora, deberán efectuar, directamente ou por vía telemática, o ingreso deste prazo en calquera oficina situada en territorio español destas entidades (bancos, caixas de aforro ou cooperativas de crédito) ata o día 5 de novembro de 2008, inclusive, mediante o modelo 102.

2. Sen prexuízo do anterior, os contribuíntes que efectúen a presentación telemática da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre o patrimonio ou cuxas declaracións polos citados impostos se realicen a través dos servizos de axuda prestados nas oficinas da Axencia Estatal de Administración Tributaria ou nas habilitadas para tal efecto polas comunidades autónomas, cidades con estatuto de autonomía e

entidades locais, para a súa inmediata transmisión telemática, e tamén os que efectúen a confirmación ou subscripción do borrador de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas por medios telemáticos, telefónicos ou nas oficinas antes citadas, poderán utilizar como medio de pagamento das débedas tributarias resultantes destas a domiciliación bancaria na entidade de depósito que actúe como colaboradora na xestión recadadora (banco, caixa de aforro ou cooperativa de crédito) situada en territorio español en que se encontre aberta ao seu nome a conta en que se domicilia o pagamento.

No suposto de que o contribuínte opte polo fraccionamento do pagamento do ingreso resultante da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas e pola domiciliación, tanto do primeiro coma do segundo prazo, esta última deberá efectuarse na mesma entidade e conta en que se domiciliou o primeiro prazo.

3. A domiciliación bancaria das declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre o patrimonio a que se refire o número anterior poderase realizar desde o día 2 de maio ata o 23 de xuño de 2008, ambos os dous inclusive. Todo isto sen prexuízo do disposto no artigo 8.1 anterior en relación co prazo de domiciliación do pagamento resultante do borrador de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas remitido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

4. A Axencia Estatal de Administración Tributaria comunicarlle a orde ou ordes de domiciliación bancaria do contribuínte á entidade colaboradora sinalada, que procederá, de ser o caso, o día 30 de xuño de 2008, a cargar na conta o importe domiciliado, xa sexa a totalidade da débeda tributaria ou o importe correspondente ao primeiro prazo, que ingresará nos prazos establecidos na conta restrinxida de colaboración na recadación dos tributos. Posteriormente, a entidade remitiralle ao contribuínte o xustificante do ingreso realizado, de acordo coas especificacións recollidas no número 2 do artigo 3 da devandita Orde EHA/2027/2007, do 28 de xuño, que servirá como documento acreditativo do ingreso efectuado no Tesouro público.

De forma análoga, no suposto de que o contribuínte procedese tamén á domiciliación do segundo prazo, a entidade colaboradora procederá, de ser o caso, o día 5 de novembro de 2008, a cargar na conta este importe e a ingresalo, nos prazos establecidos, na conta restrinxida de colaboración na recadación dos tributos, e remitiralle ao contribuínte o xustificante do ingreso realizado, de acordo coas especificacións recollidas no número 2 do artigo 3 da citada Orde EHA/2027/2007, do 28 de xuño, que servirá como documento acreditativo do ingreso efectuado no Tesouro público.

5. As persoas ou entidades autorizadas para presentar por vía telemática, nos termos establecidos no artigo 16 seguinte, declaracións en representación de terceiras persoas, de acordo co disposto nos artigos 79 ao 86 do Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, e na Orde HAC/1398/2003, do 27 de maio, pola que se establecen os supostos e condicións en que se poderá facer efectiva a colaboración social na xestión dos tributos, e se estende esta expresamente á presentación telemática de determinados modelos de declaración e outros documentos tributarios, poderán, por esta vía, dar traslado das ordes de domiciliación que previamente lles comunicasen os terceiros a que representan.

6. De conformidade co establecido no artigo 38.2 do Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, os pagamentos entenderanse realizados na data de cargo en conta das domiciliacións, e consideraranse xustificante do ingreso realizado o que para tal efecto expida a entidade de crédito onde se

encontre domiciliado o pagamento, que incorporará as especificacións recollidas no número 2 do artigo 3 da citada Orde EHA/2027/2007, do 28 de xuño.

Artigo 15. Lugar de presentación e ingreso das declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre o patrimonio.

1. Os contribuíntes obrigados a declarar polo imposto sobre a renda das persoas físicas ou polo imposto sobre o patrimonio deberán determinar a débeda tributaria que corresponda por estes impostos e ingresar, de ser o caso, os importes resultantes no Tesouro público no momento de presentaren as respectivas declaracións. Todo isto, sen prexuízo do disposto nos artigos 13 e 14 anteriores para os casos de fraccionamento do pagamento resultante da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas e para a domiciliación do pagamento das declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre o patrimonio, respectivamente, e tamén para os supostos de solicitude de suspensión do ingreso da débeda tributaria, sen xuros de demora, realizada polo contribuínte casado e non separado legalmente con cargo á devolución resultante do seu cónxuxe.

2. As declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas deberánse presentar, en función do seu resultado, no lugar que corresponda dos seguintes:

a) Declaracións cuxo resultado sexa unha cantidade a ingresar. A presentación e realización do ingreso resultante destas declaracións deberánse efectuar nas entidades de depósito que actúan como colaboradoras na xestión recadadora (bancos, caixas de aforro ou cooperativas de crédito) situadas en territorio español, mesmo cando o ingreso se efectúe fóra do prazo establecido no artigo 9 anterior. Todo isto sen prexuízo do disposto no número 4 deste artigo.

As declaracións a ingresar efectuadas a través dos servizos de axuda prestados nas oficinas da Axencia Estatal de Administración Tributaria ou nas habilitadas para tal efecto polas comunidades autónomas, cidades con estatuto de autonomía e entidades locais poderanse presentar directamente nas oficinas citadas para a súa inmediata transmisión telemática, sempre que o contribuínte procedese, nos termos establecidos no artigo 14 anterior, á domiciliación do ingreso resultante ou do primeiro prazo, se se trata de declaracións en que este optase polo fraccionamento do pagamento.

b) Declaracións cuxo resultado sexa unha cantidade a devolver con solicitude de devolución. A presentación destas declaracións poderase efectuar en calquera delegación ou administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria, e tamén en calquera oficina situada en territorio español da entidade colaboradora en que se desexe recibir o importe da devolución, mesmo, neste último suposto, aínda que a presentación se efectúe fóra do prazo establecido no artigo 9 anterior. En ambos os casos, deberase facer constar o código conta cliente (CCC) que identifique a conta a que deba realizarse a transferencia. Tamén se poderán presentar estas declaracións nas oficinas habilitadas polas comunidades autónomas, cidades con estatuto de autonomía e entidades locais, para a confección de declaracións mediante o programa de axuda desenvolvido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Non obstante o anterior, cando o contribuínte solicite a devolución por transferencia bancaria nunha conta aberta en entidade de depósito que non actúe como colaboradora na xestión recadadora da Axencia Estatal de Administración Tributaria, a declaración deberá ser presentada nas oficinas da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

No suposto de que o contribuínte non teña conta aberta en entidade de depósito ou concorra algunha outra circunstancia que o xustifique, farase constar isto presentando coa declaración un escrito dirixido ao administrador ou delegado da Axencia Estatal de Administración Tributaria que corresponda, quen, á vista deste e logo das pertinentes comprobacións, poderá ordenar a realización da devolución que proceda mediante a emisión de cheque nominativo do Banco de España.

Así mesmo, poderase ordenar a realización da devolución mediante a emisión de cheque cruzado ou nominativo do Banco de España cando esta non se poida realizar mediante transferencia bancaria.

c) Declaracións negativas e declaracións en que se renuncie á devolución en favor do Tesouro público. Estas declaracións presentaranse, quer directamente ante calquera delegación ou administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria, quer por correo certificado dirixido á delegación ou administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria correspondente ao domicilio fiscal do contribuínte.

Tamén se poderán presentar estas declaracións nas oficinas habilitadas polas comunidades autónomas, cidades con estatuto de autonomía e entidades locais, para a confección de declaracións mediante o programa de axuda desenvolvido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Non obstante o anterior, se o contribuínte tamén presenta a declaración do imposto sobre o patrimonio e esta resulta a ingresar, a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas negativa ou con renuncia á devolución poderase presentar conxuntamente coa do imposto sobre o patrimonio no lugar en que se presente esta última de acordo co establecido na alínea a) do número 3 deste artigo.

d) Declaracións de cónxuxes non separados legalmente en que, ao abeiro do disposto no artigo 97.6 da Lei do imposto, un deles solicite a suspensión do ingreso e o outro manifeste a renuncia ao cobramento da devolución. As declaracións correspondentes a ambos os cónxuxes deberánse presentar de forma simultánea e conxuntamente no lugar que corresponda dos mencionados nas alíneas a) e b) anteriores en función de que o resultado final dalgunha das súas declaracións como consecuencia da aplicación do mencionado procedemento sexa a ingresar ou a devolver. Se o resultado final das declaracións mencionadas for negativo, presentaranse ambas as dúas nos lugares indicados na alínea c) anterior.

3. Declaracións do imposto sobre o patrimonio. A declaración do imposto sobre o patrimonio deberase presentar, en función do seu resultado, no lugar que corresponda dos seguintes:

a) Declaracións cuxo resultado sexa unha cantidade a ingresar. A presentación e realización do ingreso resultante destas autoliquidacións deberánse efectuar nas entidades de depósito que actúan como colaboradoras na xestión recadadora (bancos, caixas de aforro ou cooperativas de crédito) situadas en territorio español, mesmo cando o ingreso se efectúe fóra do prazo establecido no artigo 9 anterior. Todo isto sen prexuízo do disposto no número 4 deste artigo.

b) Declaracións negativas. Estas declaracións presentaranse, quer directamente ante calquera delegación ou administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria, quer por correo certificado dirixido á delegación ou administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria correspondente ao domicilio fiscal do contribuínte.

Tamén se poderán presentar estas declaracións nas oficinas habilitadas polas comunidades autónomas, cidades con estatuto de autonomía e entidades locais, para a confección de declaracións mediante o programa de

axuda desenvolvido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Non obstante o anterior, se o contribuínte presenta a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas con resultado a ingresar ou a devolver con solicitude de devolución, a declaración negativa do imposto sobre o patrimonio poderase presentar conxuntamente coa do imposto sobre a renda das persoas físicas no lugar en que se presente esta última de acordo co establecido, respectivamente, nas alíneas a) e b) do número 2 anterior.

4. Os contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas e os suxeitos pasivos do imposto sobre o patrimonio suxeitos por obriga persoal que teñan a súa residencia habitual no estranxeiro e aqueles que estean fóra do territorio nacional durante o prazo a que se refire o artigo 9 desta orde poderán, ademais, realizar o ingreso ou solicitar a devolución polo imposto sobre a renda das persoas físicas, ademais do ingreso polo imposto sobre o patrimonio nas oficinas situadas no estranxeiro das entidades de depósito autorizadas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria para actuar como colaboradoras para a realización destas operacións.

Tratándose de declaracións de cónxuxes non separados legalmente en que un deles solicite a suspensión do ingreso e o outro a renuncia ao cobramento da devolución, ambas as dúas declaracións presentaranse conxunta e simultaneamente en calquera das citadas oficinas autorizadas. En todo caso, as declaracións dirixiranse á última delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria en cuxa demarcación tiveron ou teñan a súa residencia habitual.

5. Os contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas que estean acollidos ao sistema de conta corrente en materia tributaria regulado nos artigos 138 ao 143 do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, presentarán a súa declaración de acordo coas regras previstas no punto sexto da Orde do 30 de setembro de 1999 pola que se aproba o modelo de solicitude de inclusión no sistema de conta corrente en materia tributaria, se establece o lugar de presentación das declaracións tributarias que xeren débedas ou créditos que deban anotarse nesta conta corrente tributaria e se desenvolve o disposto no Real decreto 1108/1999, do 25 de xuño, polo que se regula o sistema de conta corrente en materia tributaria.

Artigo 16. *Ámbito de aplicación do sistema de presentación telemática de declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre o patrimonio.*

1. Os contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas poderán presentar por medios telemáticos a declaración correspondente a este imposto, xa consista esta no borrador de declaración debidamente suscrito ou confirmado polo contribuínte ou na autoliquidación.

2. Non obstante o anterior, non poderán efectuar a presentación telemática da declaración:

a) Os contribuíntes que deban presentar coa declaración a documentación adicional que se indica no artigo 12 desta orde e, en xeral, calquera documento, solicitude ou manifestación de opcións non previstos expresamente nos propios modelos oficiais da declaración, salvo que efectúen a presentación destes en forma de documentos electrónicos no rexistro telemático xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria de acordo co procedemento previsto na Resolución do 23 de agosto de 2005, da Dirección Xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

b) Os contribuíntes que estean acollidos ao sistema de conta corrente en materia tributaria regulado no Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo.

c) Os contribuíntes que incumpran algunha das condicións xerais para a presentación telemática das declaracións establecidas no artigo 17 desta orde.

3. A presentación telemática das declaracións do imposto sobre o patrimonio poderá ser efectuada polos suxeitos pasivos a que se refire o artigo 2 desta orde.

Non obstante o anterior, non poderán efectuar a presentación telemática da declaración os suxeitos pasivos que incumpran algunha das condicións xerais para a presentación telemática das declaracións establecidas no artigo 17 desta orde.

4. As persoas ou entidades autorizadas para presentar por vía telemática as declaracións en representación de terceiras persoas, de acordo co disposto nos artigos 79 ao 81 do Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, e na Orde HAC/1398/2003, do 27 de maio, poderán facer uso desta facultade respecto das declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre o patrimonio.

5. A partir do 2 de xullo de 2012, non se poderá efectuar a presentación telemática das declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre o patrimonio do exercicio 2007. Transcorrida esta data, e salvo que proceda a prescrición, a presentación das citadas declaracións deberase efectuar mediante o correspondente modelo de impreso.

Artigo 17. *Condicións xerais para a presentación telemática das declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre o patrimonio.*

1. A presentación telemática das declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas, xa consistan estas nunha autoliquidación ou no borrador de declaración remitido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, e da declaración do imposto sobre o patrimonio estarán suxeitas ao cumprimento das condicións seguintes:

a) O declarante deberá dispor de número de identificación fiscal (NIF) previamente incluído na base de datos de identificación da Axencia Estatal de Administración Tributaria. No caso de declaración conxunta formulada por ambos os cónxuxes, as circunstancias anteriores deberán concorrer en cada un deles.

b) O declarante deberá ter instalado no navegador un certificado de usuario X.509.V3 expedido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda ou calquera outro certificado electrónico admitido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, nos termos previstos na Orde HAC/1181/2003, do 12 de maio, pola que se establecen as normas específicas sobre o uso da sinatura electrónica nas relacións tributarias por medios electrónicos, informáticos e telemáticos coa Axencia Estatal de Administración Tributaria. No caso de declaración conxunta formulada por ambos os cónxuxes, os dous deberán ter obtido o correspondente certificado de usuario.

c) Se o presentador é unha persoa ou entidade autorizada para presentar declaracións en representación de terceiras persoas, deberá ter instalado no navegador o seu certificado de usuario.

d) En todo caso, deberase utilizar previamente un programa informático para obter o ficheiro coa declaración que se vai transmitir. Este programa poderá ser o programa de axuda para a declaración do imposto sobre

a renda das persoas físicas ou para a declaración do imposto sobre o patrimonio do exercicio 2007, desenvolvido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, ou outro que obteña un ficheiro co mesmo formato e suxeito a iguais características e especificacións ca aquel.

2. Simultaneidade do ingreso e da presentación telemática da declaración. Tratándose de declaracións cuxo resultado sexa unha cantidade a ingresar, a transmisión telemática da declaración deberase realizar na mesma data en que teña lugar o ingreso resultante desta.

Non obstante o anterior, no caso de que existan dificultades técnicas que impidan efectuar a transmisión telemática da declaración na mesma data en que teña lugar o ingreso, poderase realizar a transmisión telemática ata o segundo día hábil seguinte ao do ingreso.

3. Presentación de declaracións con deficiencias de tipo formal. Naqueles casos en que se detecten anomalías de tipo formal na transmisión telemática de declaracións, esta circunstancia porase en coñecemento do declarante polo propio sistema mediante as correspondentes mensaxes de erro para que proceda á súa emenda.

Artigo 18. *Procedemento para a presentación telemática das autoliquidacións do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre o patrimonio.*

1. Declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre o patrimonio cuxo resultado sexa unha cantidade a ingresar e cuxo pagamento total, ou o correspondente ao primeiro prazo se se opta pola modalidade de fraccionamento do pagamento correspondente á declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, non se realiza mediante domiciliación bancaria en entidade colaboradora na xestión recadadora. Nestes casos, o procedemento que se debe seguir para a súa presentación será o seguinte:

a) O declarante porase en comunicación coa entidade colaboradora por vía telemática, de forma directa ou a través da Axencia Estatal de Administración Tributaria, ou ben acudindo ás súas oficinas, para efectuar o ingreso correspondente e facilitar os datos seguintes:

NIF do contribuínte ou suxeito pasivo (9 caracteres).

Exercicio fiscal (2 últimos díxitos).

Período = 0A (cero A).

Documento de ingreso ou devolución = 100.

Documento de ingreso = 714.

Tipo de autoliquidación = «I» ingreso.

Importe a ingresar (deberá ser maior ca cero).

Opción 1: Non fracciona o pagamento.

Opción 2: Si fracciona o pagamento e non domicilia o segundo prazo.

Opción 3: Si fracciona o pagamento e si domicilia o segundo prazo, nas condicións establecidas no artigo 14 desta orde.

A entidade colaboradora, unha vez contabilizado o importe, asignaralle ao contribuínte un número de referencia completo (NRC) que xerará informaticamente mediante un sistema criptográfico que relacione de forma unívoca o NRC co importe que haxa que ingresar.

Ao mesmo tempo, remitirá ou entregará, segundo a forma de transmisión dos datos, un recibo que conterá, como mínimo, as especificacións contidas no número 3 do artigo 3 da citada Orde EHA/2027/2007, do 28 de xuño.

b) O declarante, unha vez realizada a operación anterior e obtido o NRC correspondente, porase en comunicación coa oficina virtual da Axencia Estatal de Administración Tributaria a través da internet ou de calquera outra vía equivalente que permita a conexión, no enderezo <http://www.agenciatributaria.es>. Unha vez seleccionado o concepto fiscal e o ficheiro coa declaración que hai que

transmitir, introducirá o NRC subministrado pola entidade colaboradora.

c) A seguir, procederá a transmitir a declaración coa sinatura electrónica, xerada ao seleccionar o certificado de usuario previamente instalado no navegador para tal efecto. No caso de declaración conxunta polo imposto sobre a renda das persoas físicas formulada por ambos os cónxuxes, deberá seleccionar adicionalmente o certificado correspondente ao cónxuxe, co obxecto de xerar tamén a sinatura electrónica deste último.

Se o presentador é unha persoa ou entidade autorizada para presentar declaracións en representación de terceiras persoas, requirirase unha única sinatura, a correspondente ao seu certificado.

d) Se a declaración é aceptada, a Axencia Estatal de Administración Tributaria devolveralle en pantalla os datos do documento de ingreso ou devolución (modelo 100) ou do documento de ingreso (modelo 714) validado cun código electrónico de 16 caracteres, ademais da data e hora da presentación.

e) No suposto de que a presentación for rexeitada, amosaranse en pantalla os datos do documento de ingreso ou devolución (modelo 100) ou do documento de ingreso (modelo 714) e a descrición dos erros detectados. Neste caso, deberase proceder a corrixir estes co programa de axuda con que se xerou o ficheiro ou repetindo a presentación se o erro foi ocasionado por outro motivo.

f) O presentador deberá imprimir e conservar a declaración aceptada e mais o documento de ingreso ou devolución (modelo 100) ou o documento de ingreso (modelo 714) debidamente validado co correspondente código electrónico.

2. Declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre o patrimonio cuxo resultado sexa unha cantidade a ingresar e cuxo pagamento total, ou o correspondente ao primeiro prazo se se opta pola modalidade de fraccionamento do pagamento correspondente á declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, se realiza mediante a domiciliación bancaria nunha entidade colaboradora na xestión recadadora. Nestes casos, a transmisión da declaración non precisará a comunicación previa coa entidade colaboradora para a realización do ingreso e obtención do NRC a que se refire a alínea a) do número 1 anterior.

Unha vez seleccionado o concepto fiscal e o ficheiro coa declaración que se vaia transmitir, a transmisión da declaración, en que se recollerá a correspondente orde de domiciliación, e demais actuacións posteriores, realizaranse de acordo co disposto nas alíneas c), d) e e) do número 1 anterior.

O contribuínte, finalmente, deberá imprimir e conservar o documento de ingreso ou devolución validado cun código electrónico de 16 caracteres en que constará, ademais da data e hora da presentación da declaración, a orde de domiciliación efectuada e, de ser o caso, a opción de fraccionamento de pagamento elixida.

3. Declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas a devolver, con solicitude de devolución ou con renuncia a ela en favor do Tesouro público, e declaracións negativas do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre o patrimonio. Nestes casos, procederase como segue:

a) O declarante porase en comunicación coa oficina virtual da Axencia Estatal de Administración Tributaria a través da internet ou de calquera outra vía equivalente que permita a conexión, no enderezo <http://www.agenciatributaria.es>, e seleccionará o concepto fiscal e o ficheiro coa declaración que se vaia transmitir.

b) A seguir, procederá a transmitir a declaración coa sinatura electrónica, xerada ao seleccionar o certificado de usuario previamente instalado no navegador para tal

efecto. No caso de declaración conxunta polo imposto sobre a renda das persoas físicas formulada por ambos os cónxuxes, deberá seleccionar adicionalmente o certificado correspondente ao cónxuxe, co obxecto de xerar tamén a sinatura electrónica deste último.

Se o presentador é unha persoa ou entidade autorizada para presentar declaracións en representación de terceiras persoas, requirirase unha única sinatura, a correspondente ao seu certificado.

c) Se a declaración é aceptada, a Axencia Estatal de Administración Tributaria devolveralle en pantalla os datos do documento de ingreso ou devolución (modelo 100) ou do documento de ingreso (modelo 714) validado cun código electrónico de 16 caracteres, ademais da data e hora da presentación.

d) No suposto de que a presentación for rexeitada, amosaranse en pantalla os datos do documento de ingreso ou devolución (modelo 100) ou do documento de ingreso (modelo 714) e a descrición dos erros detectados. Neste caso, deberase proceder a corrixilos co programa de axuda con que se xerou o ficheiro ou repetindo a presentación se o erro foi ocasionado por outro motivo.

e) O presentador deberá imprimir e conservar a declaración aceptada e mais o documento de ingreso ou devolución (modelo 100) ou o documento de ingreso (modelo 714) debidamente validado co correspondente código electrónico.

4. Declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondentes a cónxuxes non separados legalmente en que un deles solicite a suspensión do ingreso e o outro a renuncia ao cobramento da devolución. Se algún dos cónxuxes opta polo procedemento de presentación telemática da declaración, a declaración correspondente ao outro deberase presentar tamén por este procedemento de acordo co establecido nos números anteriores, segundo sexa o resultado final de cada unha das devanditas declaracións.

Artigo 19. Domiciliación do segundo prazo das declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas presentadas por vía telemática cuxos titulares non se acollan á domiciliación bancaria.

Cando os contribuíntes presenten por vía telemática a autoliquidación do imposto sobre a renda das persoas físicas ou confirmen por esta mesma vía o borrador de declaración e unicamente opten por efectuar a domiciliación bancaria do importe correspondente ao segundo prazo, non precisarán efectuar comunicación ningunha á entidade colaboradora, xa que será a Axencia Estatal de Administración Tributaria quen lle comunique a domiciliación á entidade colaboradora sinalada polo contribuínte no documento de ingreso ou devolución.

Posteriormente, a entidade colaboradora remitiralle ao contribuínte o xustificante do ingreso realizado, de acordo coas especificacións recollidas no número 2 do artigo 3 da Orde EHA/2027/2007, do 28 de xuño, que servirá como documento acreditativo do ingreso efectuado no Tesouro público.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 26 de febreiro de 2008.–O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, Pedro Solbes Mira.

(Os modelos a que alude esta orde poden consultarse, en castelán, no BOE núm. 51, do 28 de febreiro de 2008, páxinas 11921 a 11998.)

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

3745 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas nos edificios.* («BOE» 51, do 28-2-2008.)

Advertidos erros no Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas nos edificios, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 23, do 1 de setembro de 2007, transcribíense a continuación as oportunas rectificacións:

Na páxina 2800, primeira columna, no artigo 26 «Mantemento das instalacións», no seu punto 6.c):

Onde di: «... sexa igual ou maior ca 5.000 kW en calor e/ou 1.000 kW en frío,...», debe dicir: «... sexa maior ca 5.000 kW en calor e/ou 1.000 kW en frío,...».

Na páxina 2802, primeira columna, no artigo 38 «Rexistro», no seu punto 3:

Onde di: «... instalacións técnicas en edificios...», debe dicir: «... instalacións térmicas en edificios...».

Na páxina 2807, segunda columna, na táboa 1.4.2.5, «Clases de filtración»,

Onde di:

	«IDA 1	IDA 2	IDA 3	IDA 4
ODA 1	F9	F8	F7	F6
ODA 2	F7/F9	F8	F7	F6
ODA 3	F7/F9	F6/F8	F6/F7	G4/F6
ODA 4	F7/F9	F6/F8	F6/F7	G4/F6
ODA 5	F6/GF/F9*	F6/GF/F9*	F6/F7	G4/F6

* Deberase prever a instalación dun filtro de gas ou un filtro químico (GF) situado entre as dúas etapas de filtración.»

Debe dicir:

«Filtración de partículas				
	Ida 1	Ida 2	Ida 3	Ida 4
Filtros previos				
ODA 1	F7	F6	F6	G4
ODA 2	F7	F6	F6	G4
ODA 3	F7	F6	F6	G4
ODA 4	F7	F6	F6	G4
ODA 5	F6/GF/F9*	F6/GF/F9*	F6	G4
Filtros finais				
ODA 1	F9	F8	F7	F6
ODA 2	F9	F8	F7	F6
ODA 3	F9	F8	F7	F6
ODA 4	F9	F8	F7	F6
ODA 5	F9	F8	F7	F6

* Deberase prever a instalación dun filtro de gas ou un filtro químico (GF) situado entre as dúas etapas de filtración. O conxunto de filtración F6/FG/F9 porase, preferentemente, nunha unidade de pretratamento de aire (UPA).»

Na páxina 2809, primeira columna, na IT 1.2.3, «Documentación xustificativa»:

Onde di: «O proxecto ou memoria técnica...», debe dicir: «1. O proxecto ou memoria técnica...».

Na páxina 2809, segunda columna, na IT 1.2.3, «Documentación xustificativa»; os puntos 3 a 7 pasan a ser os puntos 2 a 6 respectivamente.